



3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Absterse de comer durante certo tempo:

- A) Xaxuar
- B) Allunar
- C) Aiunar
- D) Axuar

2. Indique o demostrativo masculino singular:

- A) Este
- B) Iste
- C) Isto
- D) Esto

3. Participio do verbo que significa "limpar algo cunha vasoira"

- A) Varrido
- B) Vasoirado
- C) Varrado
- D) Varroidado

4. Cal das seguintes NON é correcta en galego:

- A) Azul
- B) Naranxa
- C) Vermello
- D) Amarelo

5. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Filete de tenreira.
- B) Fritir peixe.
- C) Polbo á feira.
- D) Bacalao ao forno.

6. Que significa a palabra "bocoi"?

- A) Un porco pequeno
- B) Un barril grande de viño
- C) Un boi moi grande
- D) Unha ave acuática

7. Sinale a correcta:

- A) Ferver o leite
- B) Fervir a leite
- C) Fervir o leite
- D) Ferver a leite

8. As seguintes palabras son todas do xénero feminino, agás:

- A) Auga
- B) Suor
- C) Sal
- D) Ponte

9. Sinale a correcta:

- A) Anduvicheis
- B) Anduvisteis
- C) Andastes
- D) Andasteis

10. Sinale a relación incorrecta en galego de singular/plural:

- A) Lei/Leis
- B) Control/controles
- C) Lapis/Lapis
- D) Tórax/Tórax

Preguntas de reserva

1. Utensilio que consta dun mango longo e unha pa oval no extremo, usado para levar á boca líquidos ou substancias pouco consistentes:

- A) Cullera
- B) Cullero
- C) Culler
- D) Cullere

2. Sinale cal das seguintes NON é unha parte do corpo:

- A) Riles
- B) Caluga
- C) Cadera
- D) Embigo